# CONCRECIÓN ANUAL P.A.D.

A diversidade do alumnado no noso centro e para este vindeiro curso, será respondida dende o propio centro educativo partindo da identificación das súas necesidades, para así dar unha resposta educativa adecuada.

Para a avaliación das necesidades do centro, en canto á atención á diversidade, temos en conta os seguintes procedementos cualitativos e cuantitativos :

- Reunión cos titores/as do curso de 6º de EP e co Equipo Directivo do CEIP.
- Análise da documentación .
- Revisión e organización da información do alumnado tanto do IES como do novo alumnado procedente do CEIP adscrito.
- Reunións co Equipo docente do ultimo curso do CEIP e o Departamento de orientación.
- Reunións co equipo directivo do IES.
- Entrevistas con profesores/as e titores/as.
- Observación directa do alumnado e das súas características.
- As avaliacións psicopedagóxicas.
- A<u>valiación inicial</u> ao principio do curso. No mes de outubro e en todos os grupos, cursos e etapas educativas da ESO, faise unha avaliación inicial da situación, tanto dos grupos como dos/as alumnos/as individualmente, "como posta en común" para coñecer a situación na que se atopa o alumnado neste intre. Esta avaliación é referida aos niveis de competencia curricular de cada materia. Será ampliada cando se trate de alumnos/as con necesidades educativas especiais. Deste xeito poderanse adecuar os curriculums, programar as adaptacións curriculares e diseñar as accións educativas e reforzos co axuste preciso ás peculiaridades e necesidades dos/as alumnos/as.

A posibilidade de contar cunha información ordenada, completa e comparativa dos niveis competenciais daranos unha información moi valiosa para poder prever e compensar as dificultades cas que se atopan algúns alumnos/as ou incluso grupos de alumnos replantexando as distintas accións educativas que sexan prescriptivas ou non do curriculum.

As necesidades puntuais detectadas ata o momento resúmense nos seguintes puntos:

- Con respecto das <u>características do alumnado</u> cabe salientar que:
- Hai bastante alumnado con dificultades de aprendizaxe relacionadas con aspectos básicos de lectura, escritura , cálculo e con déficits de coñecementos previos.
- Hai alumnado diagnosticado de TDAH, con e sen medicación, aos que debemos prestar especial atención.
- Alumnado con dificultades idiomáticas.
- Alumno TEA.
- Hai alumnado con adaptacións curriculares.
- Necesidade de asesoramento académico e profesional por parte do alumnado da ESO.
- Hai demanda de asesoramento académico e profesional por parte do alumnado de bacharelato.

- Con respecto ás demandas do profesorado temos en conta:
  - A existencia de dificultades no alumnado dificultalles o seguimento do ritmo ordinario da clase.
  - A necesidade de asesoramento na posta en marcha de Medidas de Atención á Diversidade.
  - A necesidade de orientación académica no alumnado da ESO e Bacharelato.

- Con respecto ás familias:
  - Hai familias con falta de información sobre as medidas de atención á diversidade existentes no centro e na etapa.
  - É preciso favorecer a comunicación e colaboración entre as familias e o centro, especialmente do alumnado con NEAE.

Unha vez detectadas as necesidades, o departamento de orientación colaborará cos distintos axentes da comunidade educativa para establecer o tipo de *intervención* máis axeitada, dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade ou programando e organizando medidas de carácter extraordinario, se fosen necesarias e participando no seu seguimento.

A profesora de **Pedagoxía Terapéutica** no IES desenvolverá a súa labor de apoio co alumnado que necesite atención individualizada na clase ordinaria; así mesmo, cando sexa aconsellable por cuestións didácticas e/ou organizativas, realizará apoio fóra da aula, cos alumnos que o precisen. .

Tamén colaborará, de igual modo, na elaboración das Adaptacións Curriculares, se fose necesaria a súa realización, cos diferentes profesores implicados e co Departamento de Orientación.

**As accións a realizar neste ámbito no presente curso serán:**

⇒ Compatibilizar as actuacións da profesora de Pedagoxía Terapéutica, co profesorado e alumnado do grupo-clase, coordinarse co profesorado implicado e intercambiar información pertinente coas familias.

⇒ Revisión, actualización e realización das adaptacións curriculares.

⇒ Realización de novas adaptacións curriculares nos niveis de 1ºESO

⇒ Incorporación de alumnos/as á intervención de PT.

⇒ A elaboración de medidas de reforzo educativo .

⇒ Atención do alumnado exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira.

⇒ Colaboración na revisión dos documentos orgánicos do propio centro e os de referencia, a fin de garantir a súa coherencia e continuidade.

⇒ Participar co profesorado en accións encamiñadas ao coñecemento dentro do grupo, en función das necesidades do grupo-clase, facilitandolle ao profesorado estratexias para atender á diversidade.

⇒ Colaborar cos Servizos Sociais do Concello (educadora familiar e traballadoras sociais).

⇒ Coordinación cos profesores das áreas, titores e resto da Comunidade Educativa.

⇒ Proporcionar asesoramento e apoio aos alumnos e familias e profesorado ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social..., que puideran interferir no proceso de ensino-aprendizaxe.

⇒ Implementación de pautas de intervención relacionadas con problemas vinculados a ausencia de pautas e hábitos de traballo, carencias na adquisición de aprendizaxes básicos instrumentais, e necesidades educativas asociadas a retrasos de aprendizaxe escolar e retrasos madurativos en secundaria entre outras.

⇒ Mediación e coordinación, na medida do posible cos servizos sociais do concello e coas familias cando a situación o requira. Valorarase a posibilidade de elaborar e implementar de xeito coordinado co profesorado titor e de apoio, algún programa específico de intervención.

## Proposta de MADs

### A. HORARIOS DO PERSOAL ENCARGADO DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS ACNEAE

**Profesora de PT (Pedagoxía Terapéutica) .**

| PT | Apelidos e Nome | | Hajar C. 1º ESO A<br>Anxo F. 1º ESO A<br>Lucía C. 1ºESO A<br>Eloy M. 1º ESO C<br>Roberto V. 1º ESO B<br>Brais G. 2º ESO B<br>Manuel A. 3º ESO A<br>El Mehdi N. 3º ESO A | | Ángela C. 2º ESO B<br>Marco M. 1º ESO C<br>Remus E. 3ºESO A | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº de Sesión | Hora | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 1ª | 08:45 - 09:35 | G | G | G | Reforzo Lingüístico 1ºESO A | Brais G. 2º ESO B Ámbito Lingüístico. |
| 2ª | 09:35 - 10:25 | Anxo F. 1º ESO A<br>Hajar Ch. 1º ESO A<br>Ámbito Lingüístico<br>Remus E. 3ºESO A<br>El Mehdi N. 3º ESO A | Eloy M. 1º ESO C<br>Marcos M. 1º ESO C<br>Ámbito Lingüístico<br>Roberto V. 1º ESO B | Reunión coord 2º ESO | Eloy M. 1º ESO C<br>Marcos M. 1º ESO C<br>Ámbito Matemat.<br>Hajar Ch. 1º ESO A | Roberto V. 1º ESO B<br>Ámbito Matemat.<br>Hajar Ch. 1º ESO A<br>Remus E. 3ºESO A |
| | RECREO ( Reforzo lingüístico Ángela C. 2º ESO B) | | | | | |
| 3ª | 10:45 – 11:35 | Brais G. 2º ESO B<br>Ámbito Matemat.<br>Eloy M. 1º ESO C<br>Marcos M. 1º ESO C<br>Ámbito Matemat. | Roberto V. 1º ESO B<br>Ámbito Lingüístico | Eloy M. 1º ESO C<br>Marcos M. 1º ESO C<br>Ámbito Lingüístico | Brais G. 2º ESO B<br>Ámbito Matemat. | Remus E. 3ºESO A<br>Manuel A. 3º ESO A<br>El Mehdi N. 3º ESO A<br>Ámbito Matemat |
| 4ª | 11:35 -12:25 | Anxo F. 1º ESO A<br>Hajar Ch. 1º ESO A<br>Ámbito Matemat. | Remus E. 3ºESO A<br>Manuel A. 3º ESO A<br>El Mehdi N. 3º ESO A | Remus E. 3ºESO A<br>Manuel A. 3º ESO A<br>El Mehdi N. 3º ESO A | Remus E. 3ºESO A<br>Manuel A. 3º ESO A<br>El Mehdi N. 3º ESO A | |

| | | | Ámbito Lingüístico | Ámbito Lingüístico | Ámbito Cientifico | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | RECREO ( Acompañamento Manuel A. 3º ESO (TEA)). | | | | | |
| 5ª | 12:45 - 13:35 | Reforzo Lingüístico 1ºESO A | Reunión coord.1º ESO | | | |
| 6ª | 13:35 -14:25 | RDO | A. Familias | | | |

*** Manuel A 3º ESO A. Asistirá todos os segundos recreos á Biblioteca coa PT para levar a cabo unha intervención de acompañamento persoal para traballo de organización, planificación e anticipación de situacións, rutinas ou actos/eventos educativos.
*** O primeiro recreo dos mércores reuniranse a PT e o DO para coordinarse e unificar criterios de actuación co alumno TEA

## B. LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE, ATENDIDOS POR PT.

| **Alumno** | **CURSO E GRUPO** | **DESCRIPCIÓN DAS NECESIDADES DERIVADAS DO DIAGNÓSTICO** | **MEDIDAS ORDINARIAS/ EXTRAORDINARIAS** | **PI (S/N)** | **Profesionais encargados da intervención, lugar e nº de sesións (individual/grupal)** |
|---|---|---|---|---|---|
| Hajar CH. | **1º ESO A** | **SERGAS CHUS Pendente de diagnóstico definitivo en fase de avaliación clínica. Probando tratamento.** | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT<br>ACs (pendente de Avaliación Inicial) | N | PT, Dentro e/ou fóra dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |
| Eloy M. | **1º ESO C** | **Trastorno da lectoescritura e da aprendizaxe escolar. DEA**<br>- Proceso lectoescritor ( decodificación, comprensión, planificación de ideas, expresión escrita,..).<br>- Comprensión de conceptos numéricos. Problemas de razoamento lóxico-matemático.<br>-Corrección ortográfica.<br>- Construcións gramaticais.<br>- Claridade e organización da expresión escrita. | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT | N | Aula Ordinaria/aula PT dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |
| Roberto V. | **1º ESO B** | **Trastorno do desenvolvemento e TDAH**<br>- Procesos perceptivos (visuais, auditivos,…).<br>- Codificacións e transcricións.<br>- Conciencia fonolóxica.<br>- Competencia lectora (mecánica, velocidade, exactitude,..).<br>-Organización e planificación das ideas e a súa construción proposicional.<br>-Procesos Psicolingüísticos.<br>- Atención e concentración.<br>-Autorregulación da conduta. | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT<br><br>ACs nas instrumentais (pendente de Avaliación Inicial) | N | Aula Ordinaria/aula PT dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Anxo F. | **1º ESO A** | Falta de técnicas de traballo intelectual e de hábitos.<br>Baixa expresión escrita.<br>Disgrafía | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT | N | Aula Ordinaria/aula PT dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |
| Brais G. | **2º ESOB** | TOC<br>- Pensamentos impulsivos, persistentes e indesexados.<br>- Ansiedade | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT | N | Aula Ordinaria/aula PT dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |
| Manuel A. | **3º ESO A** | **TEA**<br>- Socialización<br>- Comunicación.<br>- Autonomía | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT | N | Aula Ordinaria/aula PT ( nos recreos) dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |
| Remus E. | **3º ESO A** | **Escolarización non continuada**<br>**Dificultades Idiomáticas.**<br>-Verbalización, ritmo e entonación na lectura.<br>- Comprensión de textos e organización da información.<br>- Normas ortográficas e gramaticais.<br>-Expresión escrita.<br>- Coherencia morfosintáctica.<br>- Desfase curricular leve. | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT | N | Aula Ordinaria/aula PT ( nos recreos) dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |
| El Mehdi N. | **3º ESO A** | **Dificultades Idiomáticas**<br>-Verbalización, ritmo e entonación na lectura.<br>- Comprensión de textos e organización da información.<br>- Normas ortográficas e gramaticais.<br>-Expresión escrita.<br>- Coherencia morfosintáctica.<br>- Desfase curricular leve. | APOIO PT<br>Aula Ordinaria/aula PT | N | Aula Ordinaria/aula PT ( nos recreos) dependendo do tipo de intervención específica a levar a cabo en función do contexto, contido e necesidade.<br>Equipo docente |

ALUMNADO EXENTO DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

| | Apelidos e Nome | | Lucía C. 1º ESO A<br>Hajar Ch. 1º ESO A<br>Alejandra P. 1ºESO B<br>Roberto V. 1º ESO B<br>Eloy M 1º ESO C<br>Marco M.1º ESO C<br>Jéssica A. 2º ESO A<br>José C. 2º ESO A<br>Xoel C. 2º ESO A<br>Ilie E. 2º ESO A<br>Tyger E.P. 2º ESO A<br>Hugo R: 2º ESO A | Damián B.2º ESO B<br>Brais G. 2º ESO B<br>Zaira S. 2º ESO B<br>Laura C. 2º ESO C<br>Lucia C.2º ESO C | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº de Sesión | Hora | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 1ª | 08:45 - 09:35 | | | | Reforzo Lingüístico<br>Lucía C. 1º ESO A<br>Hajar CH. 1º ESO A | |
| 2ª | 09:35 - 10:25 | | Reforzo Lingüístico<br>Jéssica A. 2º ESO A<br>José C. 2º ESO A<br>Xoel C. 2º ESO A<br>Ilie E. 2º ESO A<br>Tyger P. 2º ESO A<br>Hugo R. 2º ESO A | | | Reforzo Lingüístico<br>Jéssica A. 2º ESO A<br>José C. 2º ESO A<br>Xoel C. 2º ESO A<br>Ilie E. 2º ESO A<br>Tyger E.P. 2º ESO A<br>Hugo R. 2º ESO A |
| | RECREO | | | | | |
| 3ª | 10:45 – 11:35 | Reforzo Lingüístico<br>Alejandra P. 1ºESO B<br>Roberto V. 1º ESO B | Reforzo Lingüístico<br>Damián B.2º ESO B<br>Brais G. 2º ESO B<br>Zaira S. 2º ESO B | | | Reforzo Lingüístico<br>Laura C. 2º ESO C<br>Lucia C.2º ESO C |
| 4ª | 11:35 - 12:25 | Reforzo Lingüístico<br>Damián B.2º ESO B<br>Brais G. 2º ESO B<br>Zaira S. 2º ESO B | | Reforzo Lingüístico<br>Laura C. 2º ESO C<br>Lucia C.2º ESO C | Reforzo Lingüístico<br>Eloy M 1º ESO C<br>Marco M.1º ESO C | |
| | RECREO | | | | | |
| 5ª | 12:45 - 13:35 | Reforzo Lingüístico<br>Lucía C. 1º ESO A<br>Hajar CH. 1º ESO A | Reforzo Lingüístico<br>Alejandra P. 1ºESO B<br>Roberto V. 1º ESO B | Reforzo Lingüístico<br>Eloy M 1º ESO C<br>Marco M.1º ESO C | | |
| 6ª | 13:35 - 14:25 | | | | | |
| 7ª | 16:30 - 17:20 | | | | | |
| 8ª | 17:20 - 18:10 | | | | | |

## CRONOGRAMA PARA A IMPLANTACIÓN ANUAL DO PAD

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| Maio/Xuño | Visita do centro adscrito con "Xornada de patio inclusivo" | XD orientación IES<br>XD orientación CEIP<br>Titores de 6º EP<br>Titores 2º ESO | Informes do alumnado |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Asistencia ás sesión de avaliación de setembro | XD orientación e profesorado especialista: PT | Recursos do departamento |
| 2ª semana de setembro | Valoración das necesidades iniciais | Xefatura de estudos<br>XD orientación | Informes obtidos nas reunións |
| 2ª semana de setembro | Elaboración de horarios do departamento | Xefatura de estudos<br>XD orientación | Recursos do departamento |
| 3ª e 4ª semana de setembro | Preparacións das avaliacións iniciais da ESO<br>Selección , elaboración e asesoramento de materiais de atención á diversidade | Xefatura de estudos (planifica e coordina)<br>Departamento de Orientación<br>PT | Recursos do departamento |
| 1ª semana de outubro | Realización da concreción anual do PAD | XD Orientación<br>PT | Datos dos alumnos |
| 1ª semana de outubro | Realización da concreción anual do PAT | XD Orientación Titores | Datos dos alumnos |
| 2ª e 3ª semana de outubro | Avaliacións iniciais na ESO | Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións)<br>Equipo Docente<br>XD orientación (asesora e apoia)<br>PT | Recursos do departamento |
| Mes de outubro | Reunións de coordinación pedagóxica | Xefatura de estudos (planifica e coordina) | Datos do alumnado |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | XD orientación (asesora e apoia)<br>PT | |
| 4ª semana de outubro | Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación | XD Orientación | Recursos do departamento |
| Mes de novembro | Elaboración das ACS | XD Orientación e profesores afectados | Recursos do departamento |
| Decembro | Participación nas sesións da 1ª avaliación | Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións)<br>Equipo Docente<br>XD orientación (asesora e apoia)<br>PT | Informes obtidos na avaliación inicial |
| Xaneiro | Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha | XD Orientación | Informes obtidos na 1ª inicial |
| Marzo | Participación nas sesións da 2ª avaliación . | Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións)<br>Equipo Docente<br>XD orientación (asesora e apoia)<br>PT | Informes obtidos ao longo do trimestre |
| Abril | Asesoría vocacional do alumnado de 4º ESO e 2º Bacharelato | XD Orientación e titores | Recursos do departamento |
| Maio | Participación nas sesións da avaliación final de 2º Bacharelato | Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións)<br>Equipo Docente<br>XD orientación (asesora e apoia) | Informes obtidos nas avaliacións previas |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4ª semana de maio | Entrega aos titores de materiais necesarios para cumprimentar o Consello orientador | XD Orientación | Recursos do departamento |
| Xuño | Participación nas sesións da avaliación final | XD Orientación e profesorado especialista: PT . | Informes obtidos ao longo do curso |
| Xuño | Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro | XD Orientación e profesorado especialista: PT | Informes obtidos ao longo do curso |
| 1ª semana de xullo | Elaboración da memoria do departamento | XD Orientación<br>PT | Información recollida ao longo do curso |
| Xullo | Elaboración de listaxe de alumnos propostos para medidas de atención de atención á diversidade para o vindeiro curso | XD Orientación e profesorado especialista: PT | Informes obtidos ao longo do curso |
| Todo o curso | Atender ás demandas do profesorado e do alumnado | Calquera membro do departamento segundo demandas | Recursos do departamento |
| Todo o curso | Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas | XD Orientación e PT | Recursos do departamento |
| Todo o curso | Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro | XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados | Recursos do departamento |